

## **A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA RESPOSTA AO COMITÉ DE EMPRESA DE ENCE DIANTE DA DENUNCIA DE ACOSO POR PARTE DA APDR**

O comité de empresa de ENCE ven de facer pública unha suposta denuncia de acoso por parte da Asociación Pola Defensa da Ría diante da Consellería de Educación. A sorprendente denuncia basearíase no hipotético feito de que a Asociación tería levado ás aulas, en diversos niveis educativos, material en forma de textos ou vídeos nos que se detallaría a actividade da empresa diante dos alumnos. Como acostuma ser habitual, o comité de empresa de ENCE falta á verdade ao denunciar accións que nunca se teñen producido. A APDR nunca realizou proxeccións ou charlas nas que se falara de ENCE en ningún centro educativo da comarca.

Pero, que non o teña feito, non implica que non sexa non so lexítimo, tamén educativo e formativo facer ver, nun entorno de educación ambiental, o papel que a factoría de ENCE ten xogado na Ría de Pontevedra xa que constitúe un paradigma dos prexuízos ambientais, sociais e económicos que unha industria das características da referida pode chegar a provocar. A fábrica de ENCE é xa un exemplo que aparece referido frecuentemente no material didáctico de diversa procedencia que manexan tanto o profesorado como o alumnado; un exemplo de destrución paisaxística, de contaminación atmosférica e danos á saúde, de destrución do ecosistema acuático e dos recursos naturais; non cabe dúbida que neste sentido a referencia ao complexo de Lourizán é obrigada cando se abordan contidos relacionados coa destrución da natureza.

A Asociación Pola Defensa da Ría está efectivamente a realizar na actualidade unha unidade didáctica sobre o sistema natural e socioeconómico que constitúe a Ría de Pontevedra pero que, estando aínda sen concluír, dificilmente podería ter sido utilizada nas aulas. Esta unidade didáctica debe, ao estar subvencionada pola Consellería de Medio Ambiente, obrigatoriamente ser trasladada ao sistema educativo para que sexa utilizada como material didáctico a incluír nos currículos de materias como Coñecemento do Medio, Ciencias Naturais, Educación para a Cidadanía, Filosofía, Economía ou Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. Nesta unidade descríbense os condicionantes xeomorfolóxicos que definen unha ría e as características climáticas e oceanográficas que determinan a súa riqueza biolóxica, descríbense as diferentes zonas e comunidades biolóxicas presentes en cada unha delas, abórdase a riqueza de recursos posible si o medio se xestionara de xeito sostible e, loxicamente, se describen os principais problemas ambientais que impiden o aproveitamento sostible desa riqueza, é evidente que o principal deses problemas é a presenza do complexo industrial de Lourizán. Non é so a APDR, a propia ENCE admitiu que tiña danado gravemente o ecosistema mariño e emitido gases que son perigosos para a saúde humana e para as propiedades das persoas cando aceptou unha condena por delito ecolóxico continuado. Os datos da carga de contaminación nos vertidos á ría son elaborados pola propia empresa en base á autorización concedida pola administración que lle permite introducir nas augas hasta 43.000 metros cúbicos diarios de vertido que levan unha importante carga de sólidos en suspensión, con elevados valores de parámetros como a demanda biolóxica de osíxeno, a demanda química de osíxeno ou as concentracións de fósforo e nitróxeno; o volume e características do vertido o converte indubidablemente no máis importante e destrutivo dos que chegan á ría. É o Rexistro Español de Emisións Contaminantes o que revela, de acordo cos últimos datos feitos públicos, os de 2007, que a factoría de ENCE emitiu ese ano 97.000 toneladas de dióxido de carbono, o máis importante gas de invernadoiro; 370 toneladas de dióxido de xofre, gas perigoso para a saúde e causante de chuvia ácida; 211 toneladas de

partículas e 5 de ácido sulfhídrico, tamén perigosos para a saúde e o medio ambiente. Tería sentido facer educación ambiental na Ría de Pontevedra sen destacar o importante papel de ENCE na súa degradación?

O Comité de Empresa de ENCE parece pretender ocultar o dano e matar ao mensaxeiro para evitar que os cidadáns sexan conscientes dos graves danos que a empresa está a producir, danos que so terminarán cando a fábrica de pasta salga da ría. Xa que a mobilización é o camiño principal para acadar esta saída, dende a APDR chamamos aos cidadáns da bisbarra de Pontevedra a mobilizarse o sábado 13 e participar na nova MARCHA CONTRA CELULOSAS de este ano, de cara a conseguir a recuperación do noso entorno natural e produtivo.

Pontevedra, 9 de xuño de 2009

Pola APDR, Benito Andrade